



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Ana Luisa Bouza Santiago, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a novos casos de discriminación lingüística producidos en dous centros hospitalarios de Ferrol.


Vense de facer público un novo caso de discriminación lingüística no noso país. Neste caso, na área sanitaria (hospitais ferrolanos “Arquitecto Marcide” e Naval), onde dous facultativos diferentes se negaron a atender oralmente en galego a un paciente que así llelo solicitou formalmente.

O artigo 3º da Lei 3/1983, do 15 de Xuño, de Normalización Lingüística (26 anos de vixencia, e aínda incumprida!) establece:

“Os poderes públicos da Galiza adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”.

Semella que 26 anos non son suficientes para aplicar este precepto legal, mesmo convertendo en papel mollado o sinalado no artigo 4º da mesma lei:

“ O galego, como lingua propia de Galiza, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Pois non. Frente a esa falsa e intencionada argumentación do Goberno do Partido Popular, consistente na construción desa grande mentira, segundo a cal o galego é un idioma imposto na Galiza, o certo é que son continuos os casos de marxinación polo uso da lingua galega no propio país. E o máis grave, por parte da administración autonómica, que debiera ser exemplo de acatamento e cumprimento da legalidade, e mesmo da aposta pola incorporación práctica do galego.


O que acontece é xustamente o contrario. Até cando o paciente (por certo, cunha actitude heroica: non é doado, por razóns obvias, que un usuario da sanidade demande diante dos facultativos que o examinan respecto aos seus dereitos lingüísticos, pois a relación de desigualdade é evidente, máxime cando o que se xoga nese momento é a saúde propia) solicita un formulario de queixas, encóntrase con que só existen modelos en español. Exclúese, vétase, a lingua galega, contra o disposto na Circular 5/97 da Consellaría de Sanidade.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1ª) Que avaliación realiza o Goberno de Galiza sobre os casos de discriminación lingüística producidos en dous centros hospitalarios de Ferrol?

2ª) Que medidas prácticas se adoptarán por este motivo, perante os profesionais que conculcaron o dereito deste paciente a ser atendido en galego?

3ª) Ten previsto defender a liberdade e o dereito de galegas e galegos a seren atendidos en galego na administración sanitaria galega?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4ª) En caso positivo, de que xeito acatarán o disposto na Lei de Normalización Lingüística no ámbito sanitario?

5ª) Por que razón non existen nin formularios de queixa en galego?

6ª) En que prazo se distribuirán en galego?

Santiago de Compostela, 30 de Xuño de 2009

Asdo. Bieito Lobeira Domínguez

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 30/06/2009 12:15:13

Ana Luísa Bouza Santiago na data 30/06/2009 12:15:36